

Eduardo Estévez publica en Poeta en Compostela os 'itinerarios'

LITERATURA ▶ Mañá distribuirase con EL CORREO na área de Santiago o número catorce desta colección

REDACCIÓN • SANTIAGO

Os *itinerarios* de Eduardo Estévez son o volume número catorce da colección Poeta en Compostela, unha iniciativa da Concellaría de Cultura santiaguesa e do Grupo Correo Gallego, en colaboración coa Asociación de Escritores en Lingua Galega, que cada mes permite levar a milleiros de fogares da cidade un novo poemario.

Nesta ocasión, a obra é unha escolma de varios poemarios de Estévez, coa particularidade de que a escolma non foi feita só por unha persoa, senón por nove. Ademais do propio autor, seleccionaron os seus textos preferidos de entre os volumes

publicados Antía Otero, Baldo Ramos, Celso Fernández Samartín, Estevo Creus, María do Cebreiro, Marta Dacosta, María Lado e Rafa Villar.

A presentación de *itinerarios* terá lugar mañá xoves ás sete e media da tarde no salón do Casino de Santiago, na compostelá rúa do Vilar.

Desde Bos Aires

Eduardo Estévez naceu en 1969 na capital arxentina, Bos Aires, e tras residir nese país e en Venezuela chegou a Galicia no 1995.

Publicou os poemarios *Catedrales de perfil* (Bos Aires, 1990), *Ya tan deshabitado* (Maracay,



VIKY GARCIA

Eduardo Estévez ten a súa web en www.luagris.net e o seu blog en <http://oollodavaca.blogspot.com>

SOPORTES

Do papel á web

▶ Estévez escribiu poemas e artigos para publicacións coma *O Correo Galego* e participou en *dEfecto 2000* e noutras obras colectivas. Hoxe, coordina obradoiros literarios en Fene e As Pontes, e programa, diseña webs e ten o blog o ollo da vaca ■

Venezuela, 1994) e, en galego, só paxaros saíron desta boca (accésit do premio Miguel González Garcés de 1997, publicado no 1998), *lúa gris* (finalista do premio Tivoli Europa 1999, publicado en 1998), *os veos da paisaxe* (2000), *caderno apócrifo da pequena defunta* (XV premio Eusebio Lorenzo Baleirón, publicado no 2003), *derrotas* (premio Concello de Carral no 2002, publicado no 2004), *Postais* (texto

en colaboración con Caro Erlich, 2005) e *mapas para describir a ausencia* (2005), as dúas últimas en www.luagris.net.

Foi membro do consello editorial de Letras de Cal e de Retagarda Edicións. Traduciu ó castelán poetas brasileiros e portugueses e os galegos X.M. Álvarez Caccamo, Xavier Rodríguez Baixeras, Xela Arias e Manuel Forcadela. É tamén autor da *Antoloxía breve de Alejandra Pizarnik* (1993).